

# CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A FUNDACIÓN INGADA PARA A DIFUSIÓN E FOMENTO ENTRE OS PROFESIONAIS SANITARIOS DUN PROGRAMA DE FORMACIÓN PARA O TRATAMENTO DOS PACIENTES CON TRASTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN E HIPERACTIVIDADE.

En Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2017

## REUNIDOS

Dunha parte D. Jesús Vázquez Almuiña, en representación da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en adiante, ACIS), e da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e de acordo co establecido no artigo 34 da lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

E doutra D. Ángel Carracedo Álvarez, con DNI 33223018R e domicilio, a estes efectos, no Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela (edificio Consultas, planta 2, 15706, Santiago de Compostela), presidente da fundación INGADA (Instituto Gallego del TDAH y Trastornos Asociados), con CIF G70394374, que actúa en nome e representación desa institución,

## EXPOÑEN

1. O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á Consellería de Sanidade dende a súa creación pola Lei 1/1989 de 2 de xaneiro, ten entre as súas funcións a xestión das prestacións sanitarias e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos ao mesmo, así como o desenvolvemento de programas de formación e docencia aos seus profesionais dentro da súa competencia ou que sexan necesarios para os seus fins.

2. A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en adiante, ACIS) créase polo Decreto 112/2015, de 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega e se aproban os seus estatutos, de conformidade coa autorización prevista nos artigos 40 e 41 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Está adscrita á Consellería de Sanidade, a través da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, consonte ao artigo 5,7 do Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.

ACIS actúa en réxime de descentralización funcional, como un instrumento de xestión da



formación no el Sistema público de saúde de Galicia. A súa Presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade. Entre os seus obxectivos está elaborar a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade.

3. Que a Fundación INGADA -Instituto galego do trastorno por déficit de atención e hiperactividade e trastornos asociados- é unha entidade sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, entre os que se encontran os de dar asistencia integral a persoas afectas polo trastorno por déficit de atención e hiperactividade (en adiante, TDAH) e trastornos asociados en Galicia.

A Fundación INGADA pretende colaborar coa Consellería de Sanidade na formación dos profesionais sanitarios do Servizo Galego de saúde respecto da intervención sanitaria nos nenos, nenas e adultos con TDAH.

4. O TDAH é un trastorno de natureza neurobiolóxica caracterizado por tres síntomas principais: déficit de atención, hiperactividade e impulsividade. Comeza a manifestarse ao longo da infancia e inflúe negativamente no funcionamento e no desenvolvemento das nenas, dos nenos e das persoas adolescentes afectadas, manifestándose na convivencia da familia, no rendemento académico na escola, nas relacións interpersoais, nas actividades de lecer, en forma de dificultades para agardar, para concentrarse nunha tarefa, para controlar as accións e emocións, para planificar e solucionar problemas, etc. Os síntomas poden persistir na idade adulta. O TDAH podería etiquetarse dentro das patoloxías crónicas, polo que se debe considerar a continuidade asistencial e o seguimento máis alá da etapa escolar, especialmente polos profesionais sanitarios.

A presenza do TDAH nos distintos ámbitos da vida dunha persoa fai necesario que a abordaxe se realice dende un enfoque interinstitucional, multidisciplinar, integral e de colaboración, cando menos, entre a familia, o sistema educativo, o sistema sanitario e os servizos sociais.

Potenciar a formación e concienciación dos profesionais sanitarios a través das distintas ferramentas é unha das accións estratéxicas que redundará nunha mellor atención aos nenos e nenas, así coma os adultos con esta disfunción, que redundará nunha atención integral de calidade tanto para eles como para a súas familias. A intervención precoz favorece a prevención de comorbilidades asociadas ao TDAH que deterioran a calidade de vida da persoa que o padece e das persoas que con ela conviven.



5. Que tanto a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a ACIS e a Fundación INGADA teñen a vontade de sumar os seus esforzos na atención dos pacientes con TDAH, camiñando na sensibilización, presenza e consolidación presidida polos principios de integración, normalización e personalización na súa atención (atención integral e individualizada).

Tendo en conta o anteriormente manifestado, as partes reunidas, coincidindo na intención de formalizar e consolidar unha liña de colaboración estable, conveñen en formalizar un convenio de colaboración, en base ás seguintes:

## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer un marco de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación INGADA para implantar e recoñecer o interese das accións formativas dos profesionais sanitarios do servizo galego de saúde respecto da intervención sanitaria nas persoas con TDAH.

### Segunda. Compromisos de INGADA

A fundación INGADA comprométense á realizar a programación docente e seleccionar ao profesorado para o desenvolvemento de dúas edicións do curso de formación sobre *o tratamento do TDAH desde o ámbito sanitario*.

Así mesmo INGADA colaborará na xestión para a acreditación do mesmo coa ACIS co fin de que este curso sexa recoñecido polo Sistema Acreditador da Formación Continuada dos/das profesionais sanitarios/as na Comunidade Autónoma de Galicia.


### Terceira. Compromisos da Administración sanitaria.

Para conseguir o obxectivo deste convenio de colaboración a Consellería de Sanidade dará difusión, a través da ACIS, aos profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde destinatarios do curso de formación sobre *o tratamento do TDAH dende o ámbito sanitario*.

Así mesmo promoverá que a súa primeira edición se imparta no primeiro semestre do ano 2018 e a segunda no ano 2019, e cada unha contará cunha capacidade de 50 alumnos. O perfil dos profesionais destinatarios será: médicos e pediatras de atención primaria, persoal de enfermería, psicólogos/as clínicos e terapeutas ocupacionais.

Así mesmo comprometerase para realizar novas edicións do mesmo en seguintes anos, de acordo coas dispoñibilidades formativas da ACIS.

Na medida e nos termos que se acorden nos distintos procesos de selección e provisión de prazas de profesionais sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia, a Consellería e o Servizo Galego de Saúde comprométese ao recoñecemento do curso de formación sobre o



*tratamento do TDAH dende o ámbito sanitario* como actividade de formación continuada sempre e cando dita actividade estea acreditada polo Sistema Acreditador da Formación Continuada dos/das profesionais sanitarios/as na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **Cuarta. Financiamento**

O custo asociado ao desenvolvemento da actividade formativa obxecto deste convenio estímase en 3 500 €, que se desglosa do seguinte xeito:

-1ª edición, ano 2018: 2 300 €, que se corresponden con gastos de xeración de contidos e titorización.

- 2ª edición, ano 2019: 1 250 €, que se corresponden con gastos de titorización.

Estas contías abonaranse con cargo á aplicación orzamentaria do ACIS 11A1-411A-226.17, proxecto 201600002 Formación Continuada do persoal do sistema público de saúde de Galicia.

#### **Quinta. Protección de datos de carácter persoal**

Para o caso de que do desenvolvemento deste convenio se deriven datos de carácter persoal, o seu manexo queda suxeito ao cumprimento do establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

Para estes efectos, lémbrese que as partes:

- utilizarán ou aplicarán os datos persoais única e exclusivamente conforme ás finalidades e instrucións derivadas deste convenio, e non os comunicarán ou cederán a outras persoas, nin sequera para a súa conservación.

- están obrigadas a gardar o segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal que trate no cumprimento do convenio, obriga que subsistirá aínda cando finalice a vixencia do mesmo.

#### **Sexta. Comisión de seguimento**

Para o seguimento do presente convenio constituirase unha comisión mixta, formada polo subdirector xeral de Planificación e Programación Asistencial, ou persoa en quen delegue -que actuará como presidente-, e a vicepresidenta da Fundación INGADA, ou persoa en quen delegue -que actuará como secretaria-.

A comisión reunirse, con carácter ordinario unha vez ao ano, logo da convocatoria realizada pala presidencia da comisión. Con carácter extraordinario reunirse sempre que o solicite calquera das partes.

Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

1. Promover e velar polo adecuado desenvolvemento deste convenio.

2. Realizar unha memoria sobre o funcionamento do convenio.



3. Resolver calquera dúbida que se xere respecto deste convenio, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

#### **Sétima. Relacións laborais**

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral contractual nin de calquera tipo entre os profesionais da Fundación INGADA que desenvolven as actividades e a Administración sanitaria, polo que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha (nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria) polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente convenio.

#### **Oitava. Resolución do convenio.**

Son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen se ter acordado a súa prórroga.
2. O acordo unánime de todas as partes asinantes.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que satisfaga nun determinado prazo as obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio.

4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
5. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista neste convenio ou nunha lei.

#### **Novena. Vixencia.**

O presente convenio estará en vigor desde o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Non obstante, as partes, de mutuo acordo, poderán acordar a súa prórroga anual, por un período de ata catro anos adicionais mediante a formalización do correspondente acordo de prórroga, que deberá ser subscrito cunha anterioridade de polo menos trinta días á data de vencemento do convenio.

#### **Décima. Réxime xurídico**

Este convenio ten natureza administrativa e queda fora do ámbito de aplicación do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, segundo dispón o seu artigo 4.1 d).

Non obstante, consonte co disposto no artigo 4.2 do citado Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ao presente convenio seranlle de aplicación os principios da norma indicada para a



resolución das dúbidas e lagoas que puidesen presentarse para o seu efectivo cumprimento.

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidera xurdir no desenvolvemento do presente convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

#### **Undécima. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno**

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas que interveñen para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Este convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba da conformidade, formalízase e asínase polas partes o presente convenio en cuadruplicado exemplar no lugar e data antes citados.

Pola Consellería de Sanidade,  
o Servizo Galego de Saúde e a ACIS



Jesús Vázquez Almuiña

Pola fundación INGADA



Ángel Carracedo Álvarez  
Instituto Gallego del TDAH  
y Trastornos Asociados